

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2019/04

CARÁCTER: EXTRAORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 30 de marzo de 2019

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as doce horas e sete minutos do día **30 de marzo de 2019** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que a continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona Maria Luz Alvarez Lastra (excusa ausencia)

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso (excusa ausencia)

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas (excusa ausencia)

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria (excusa ausencia)

Concelleira non adscrita

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José Rodil Veiga (acctal).

Interventor:

Técnico de Admón.Xeral.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

UNICO.- EXPEDIENTE NUM. 425/2019 RELATIVO Á EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 13 DE MARZO DE 2019 DE ENTREGA A TÍTULO PÓSTUMO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO PREDILECTO A D. JESÚS MANUEL PEÑA REGO.-

Abre a sesión o Sr.Alcalde. Fai referencia a unha placa que hai no salón de plenos que di “Quien a su pueblo honra merece honra del pueblo” e sinala que o fai por razóns obvias xa que neste acto imos honrar a memoria dun ribadense que amou Ribadeo e levouno nas súas veas ao longo de toda a súa vida. Que mesmo optou por voltar a Ribadeo, aínda podendo estar en calquera parte do mundo desenvolvendo a súa actividade profesional con éxito. Per optou por Ribadeo.

Fai unha referencia ao traballo de mozos e mozas que trataron os arquivos municipais os do taller de emprego. Sinala que seguro que se pode lembrar algunha anécdota que poña en valor o pasado pero con proxección cara ao futuro e indica que é beber no pasado pero sacando algo de proveito para aprender a facer cousas de hoxe en día. Refírese tamén á actividade cultural, deportiva e social que sempre houbo en Ribadeo suñando as representacións teatrais na Praza de Abaixo das que se fala nas actas municipais ás que antes se refería nos arquivos.

Tanto Méndez San Julián como Juan Luis Vega Prada ou Antonia Lazúrtegui teñen falado das inxedanzas das xentes de Ribadeo de hai máis de douscentos anos, a través das páxinas de La comarca e outros xornais locais anteriores se estaba ao tanto de toda a actividade que se desenvolvía en Ribadeo. Ese bulir de xentes de actividade, defínenos e fainos desentacar ante o mundo; fainos máis atractivos.

O Sr.Alcalde fai tamén outra referencia ao mundo das artes plásticas, mencionado figuras da pintura como Dionisi Fierris, Benito Prieto Coussent, Amando Suárez Couto ou Emilio Vior pero tamén sinala outras figuras máis de actualidade como o homenaxeado hoxe Suso Peña que actuou nos campos do cómic, ilustración, fotografía, ou Xusto Moreda, Isidro Albariño no Concello limítrofe de Barreiros, ou Fernando Fernández Páez, como non tamén Antonio Deaño Gamallo, e xa máis novos Joseba Muruzábal u David Rivas e no ámbito do cómic Jorge Monlongo ou Kike J. Díaz. Ogallá poidamos seguir ampliando esta listaxe con xente nova que estea agora nos centros de formación ou nos seus estudos como autodidactas.

Remata a súa intervención o Sr.Alcalde referíndose de novo á placa da que falou ao principio e que figura no Salón de Plenos e suñe que hoxe sentímonos reconfortados cun dos seus veciños, Suso Peña, bo e xeneroso ao que van homenaxear outorgándolle o título de Fillo Predilecto.

A continuación cede a palabra ao Secretario.

Por parte do Secretario dase lectura ao anterior acordo plenario de 13 de marzo de 2019 sinalando que foi adoptado por unanimidade de todos os seus membros a instancia de varias asociacións e centros educativos de Ribadeo e previa a oportuna tramitación do expediente no que foi Instructor o Concelleiro Delegado de Cultura D.Xosé Farruco Graña Rama.

O referido acordo dispuxo:

1º Conceder o título de fillo predilecto do municipio de Ribadeo a D.Jesús Manuel Peña Rego, ao entender que están debidamente acreditados os méritos que o fan acredor deste título.

2º.O recoñecemento de dito título, en acto público e solemne, reunida a Corproación en Pleno extraordinario ao efecto e coa debida publicidade.

De seguido toma a palabra o Concelleiro de Cultura dando lectura ao seguinte texto:

Señor Alcalde, D. Fernando Suárez Barcia, familiares de D. Jesús Manuel PEÑA REGO, xentes do mundo das artes, prezadas amigas e amigos do artista hoxe homenaxeado, señoras e señores concelleiros, veciños e veciñas de Ribadeo, amigos todos:

Hoxe, sábado 30 de marzo de 2019, reunímonos en sesión extraordinaria para render homenaxe a D. Jesús Manuel PEÑA REGO, o noso veciño e amigo Suso PEÑA, que en sesión plenaria celebrada o día 13 de marzo de 2019 foi nomeado, a título póstumo, **FILLO PREDILECTO DO MUNICIPIO DE RIBADEO**; ademais, queremos facerlle entrega á súa familia desta distinción honorífica neste acto público e solemne.

Século a século, a veciñanza de Ribadeo desenvolveu unha actividade cultural moi notoria, consonte a súa puxanza económica e comercial. Unha mirada retrospectiva ao noso pasado permítenos comprobar a pegada que foron deixando diferentes manifestacións artísticas tanto no eido da música como no teatral e no das artes plásticas. Con esta actividade proxectamos a nosa imaxe ben a través das actuacións das nosas agrupacións musicais, das xentes afeccionadas ao mundo da escena, ou daquelas persoas que por medio das artes da imaxe representaban a maxia das nosas paisaxes, o carácter das nosas xentes e a cerna das nosas tradicións. O labor e a influencia de veciños nosos como Dionisio Fierros ou Amando Suárez Couto, Benito Prieto Coussent ou Emilio Vior, entre outros, deixaron unha fonda pegada tanto nos salóns de moitas casas ribadenses, como, sobre todo, no maxín gorentoso da xente nova que devecía por ilustrar nos seus lenzos a vida e cor da bruma do Cantábrico ou do seu ceo rubián.

Suso Peña naceu case co verán de 1941 ben preto da Fonte dos Catro Canos. As rúas do casco vello, os xogos de luces e sombras dos amenceres ribadenses, as súas xentes, irían marcando a súa infancia, tamén despois no barrio de Xibraltar. Desde ben novo deu mostras do seu saber facer co lapis. Aos dez anos recibiría as súas primeiras clases de debuxo, impartidas por D. Emilio Vior, e organizadas pola Asociación ribadense “A Concordia”. Tal e como nos lembra D. Daniel Cortezón no libro homenaxe a Suso Peña, o noso homenaxeado foi un excelente alumno na primeira promoción do Instituto Laboral. O seu profesor, e posteriormente amigo, Dionisio Gamallo Fierros, chegou a comentarlle, ao rematar os seus estudos no Instituto, que podería estudar o que el quixer, pois a súa formación era ampla e completa, como ben acreditaba a súa matrícula de honra. Pero o noso veciño hoxe lembrado optou polo mundo da creación artística.

A viaxe iniciática que para moitos supuxo a prestación do servizo militar serviulle a

Suso Peña para coñecer a varios compañeiros cos que configurarían o “Grupo de La Floresta”, nome que lle vén dado pola zona onde vivían, na localidade de Premiá de Mar, entre Badalona e Mataró. A súa vitalidade, propia dos tempos mozos, ía acorde co seu maxín. Mesmo chegaron a render contas nun cuartelillo da Garda Civil por mor dunha bandeira pirata que de seguro sería admirada polo colectivo Burla Negra. Pero a partir do verán de 1968, de novo Ribadeo ía ser o seu epicentro vital, aínda que, iso si, con vocación internacional.

No último terzo do século XX, *Suso Peña* soubo navegar polas augas do mundo das artes percorrendo case que os sete mares a través dos mercados de lingua inglesa, alemá e española: o mundo da historieta, o deseño gráfico, a fotografía e o debuxo estenderon o seu enxeño creativo como unha regalía para os nosos ollos. As editoriais Warren e Skywald gozaron do seu saber facer a través das súas historietas de terror; algún exemplar das *Joyas Literarias Juveniles*, ou de *Kung Fu*, levan a súa sinatura; *El Senado de España*, unha edición didáctica sobre o papel desta institución; a edición para as crianzas dunha escolma da obra do poeta de Celanova baixo o título *Celso Emilio ferreiro para nenos*, así como varios retratos e debuxos a carbón e fotografía paisaxística, conforman unha ampla e variada obra na que nunca deixou de estar presente, vital, ou graficamente, o seu Ribadeo natal e a súa contorna.

A elección de *Suso Peña* por Ribadeo non pasou desapercibida ás veciñas e veciños ribadenses. E non só pola súa valía artística (que tamén), senón sobre todo pola súa valía humana e polo seu compromiso coa natureza, coa paisaxe e coa súa xente. Home de esquerdas, que sabía levarse ben con todo o mundo sen ter que renunciar ás súas ideas, sempre estaba disposto a botar unha man na creación dunha imaxe colectiva. A súa introdución no mundo do deseño gráfico foi frutífera. Cantos establecementos comerciais ribadenses luciron (e locen) rótulos deseñados por *Suso*! Publicacións e actividades de carácter cultural como as da Agrupación Francisco Lanza foron deseñadas por el. E cando algunha polémica construción afectou a restos arqueolóxicos como os da nosa praia de Marbadás, ou cando a ameaza nuclear roldou as nosas costas, alá estaba, como un veciño máis, *Suso Peña*. Lembremos senón os muros do colexio dos Menesianos, cara á rúa Reinante, co seu berro seco a xeito de grafiti contestatario fronte á posibilidade dun Xove, dunha Mariña, nuclear.

Por outra banda, cando a súa actividade creativa non o satisfacía completamente, logo mudaba de estilo e buscaba novos universos a través de novas técnicas. Os seus “*estudos*” sobre o noso vello Ribadeo, as súas investigacións sobre as aves na ría de Ribadeo ou os seus fondos a través da actividade subacuática, as súas pescudas sobre a flora, a súa paixón polos montes e os cabalos que por eles trotaban, a captación sutil da psicoloxía dos homes e mulleres da Galiza tradicional... todas estas inquiredanzas viron a luz a través da ilustración, do debuxo a carbón, ou da fotografía, da man de *Suso Peña*. E mesmo foron a base de posteriores imaxes de carácter mitolóxico que idealizaban e enxalzaban as paisaxes e o pobo de Ribadeo. Mirar un carballo centenario.. e albiscar un gnomo. Mergullarnos da súa man na nosa ría... e atoparnos cunha serea que nos dea a benvida entre a Illa Pancha e a Punta de Santa Cruz. Ogallá o maxín das nosas crianzas emprenda viaxe a través destas lembranzas subindo ao sidecar dunha Bultaco conducida por *Suso* para percorreren estradas e camiños e coñeceren os nosos montes, a nosa costa, os nosos bosques e ríos, e cunha fruta artesanal poñerlle son a cada unha das cores, a cada un dos xogos de luces e sombras dun atardecer mariñaño. Nestes momentos nos que tanto precisamos de novas ideas para defender a nosa posición, a nosa marca, nesta era dixital que tanto nos pode levar polo mundo enteiro como esvaecernos entre tanto número amorfo e despersonalizado, a capacidade creativa de persoas como *Suso Peña* debe ser posta en valor máis que nunca para que agrome na xente nova.

Non é casual, nin moito menos, que o movemento asociativo ribadense solicitara ao Concello de Ribadeo este recoñecemento como FILLO PREDILECTO. Así, a Asociación A Concordia, A Sociedade Filantrópico-dramática, a Coral Polifónica, ACISA, a Agrupación Cultural Francisco Lanza, a Asociación mariñá Ta en artes, o IES de Ribadeo Dionisio Gamallo, o CIFP Porta da Auga, o Colexio Sagrado Corazón de Jesús, a Asociación de Veciños A Atalaia, o Colectivo 8 de marzo, Amarante Setem, a Asociación de Veciños O Tesón, o Colectivo Por nuestro Faro e a Asociación Cultural A Ronqueta solicitaron do Concello de Ribadeo o nomeamento de FILLO PREDILECTO do Municipio de Ribadeo para o artista Suso Peña, pois foi quen de se implicar intensamente na difusión dos valores de Ribadeo como pobo; e fíxoo tanto na súa propia terra como polo mundo adiante; e fíxoo como mellor sabía, coa súa maneira de ser tan xenerosa e a través do seu labor profesional. Xa que foi quen de se preocupar pola súa xente, pola sociedade na que vivía, polas xeracións novas ás que tanto lles aprendeu, aquí como por toda a Mariña, por todo iso, familiares e amizades de Suso Peña, por todo iso, facemos este acto, extraordinario, público e solemne, no que destacamos a concesión, a título póstumo, do nomeamento de FILLO PREDILECTO do Municipio de Ribadeo, a D. Jesús Manuel PEÑA REGO; para todas e todos nós, sempre na nosa memoria, Suso Peña, coa súa *mirada máxica*.

A continuación por parte do Sr. Concelleiro D. Xosé Farruco Graña faise entrega dun pin co escudo do Concello de Ribadeo á súa viuva D^a Maria del Carmen Pereira Rivas presente no salón de plenos e de seguido por parte do Sr. Alcalde entregáse á mesma tamén o título de fillo predilecto concedido a Suso Peña, léndose o texto que figura no propio documento.

A Sra. Pereira Rivas, viúva de Suso Peña, intervén de seguido para agradecer a todos os intervinentes neste acto e singularmente ao Concello de Ribadeo e ao seu Alcalde dando grazas a todos polas mostras de cariño e o título de fillo predilecto concedido.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as doce hras e trinta minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO ACCTAL.
Asdo. JOSÉ RODIL VEIGA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE